


PLAN DE MEDIOS

DEPUTACIÓN DE LUGO

(Anualidade 2020-2023)


Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDU PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	1/48



Sumario

I.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUN PLAN DE MEDIOS.....	3
III.- CARACTERÍSTICAS DO PLAN DE MEDIOS.....	8
IV.- OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NA PROVINCIA DE LUGO.....	8
V. CAMPAÑAS PREVISTAS PARA A ANUALIDADE 2020 -2023.....	11
1.- Área de Xestión Territorial.....	11
2.- Área de Promoción Económica e Social.....	12
3.- Área de Recursos Humanos, Promoción do Territorio e Turismo.....	20
4.- Área de Economía, Recadación e Facenda.....	24
5.- Área de Participación Cidadá.....	25
6.- Área de Muller e Igualdade.....	26
7.- Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos.....	28
8.- Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento.....	31
9.- Área de Medio Ambiente.....	31
10.- Área de Recursos Sostibles.....	35
11. Área de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística.....	37
12. Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.....	39
13. Área de Medio Rural, Mar e Mocidade.....	41
VI. INSTRUMENTOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS.....	43
VII. CRITERIOS E ESTIMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS.....	46

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	2/48



I.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUN PLAN DE MEDIOS

As administracións públicas traballan polo ben común do seu ámbito territorial, buscan ser abertas e transparentes e en definitiva, máis próximas á cidadanía, polo que a comunicación permite acortar as distancias con esta, ademais de establecer unha relación de *feedback* ou retroalimentación, necesaria tamén para mellorar a propia xestión e establecer as prioridades das administracións.

Ademais, as administracións teñen o deber de informar á cidadanía dos servizos públicos que prestan e de todos aqueles extremos que sexan necesarios para que exerzan os seus dereitos e cumplan os seus deberes. Neste senso, hai que sinalar tamén que o dereito á información é un dereito instrumental para garantir outros. É a pedra sobre a que se sustentan o resto de liberdades. De aí que se converta en obriga informar da súa actividade, das súas iniciativas e dar difusión da utilidade das súas accións, medidas e servizos.


A comunicación configúrase como alicerce básico, un vehículo da información pública, unha ferramenta democrática e de aí a importancia e transcendencia da mesma na achega de valor á xestión da institución pública.

A comunicación é unha ferramenta máis para a xestión e nútrese de datos de información, pero a súa función vai máis aló da labor informativa. Cando se comunica un proxecto ou unha actividade, o que se pretende é trasladar unha mensaxe a alguén para conseguir unha finalidade. A información reforza o obxectivo, mentres que a comunicación fortalece o subxectivo, e é aí, no subxectivo, o emocional, onde traballa e onde se xera a verdadeira comunicación, a comunicación eficaz.

A nova administración pública necesita un binomio de boas políticas e compromisos xunto cunha estratexia de comunicación clara e directa. Xorde así unha necesidade de profesionalizar este labor e imponse necesidade de contar cunha planificación da comunicación: o desenvolvemento dun verdadeiro proxecto comunicativo.

A actividade publicitaria que desenvolven as Administracións Públicas é, fundamentalmente, de carácter institucional. A publicidade das institucións públicas, entendida en sentido amplo, comprendería todos aqueles actos de contratación publicitaria que sexan satisfeitos por un ente ou institución pública, cuxo obxecto sexa dar coñecemento das súas actividades cunha vocación de difusión xeral; o que se manifesta xeralmente na súa inclusión en máis dun medio de comunicación (STSJ Andalucía (Málaga), do 12 de xullo de 1999). En sentido máis estrito poderíamos diferenciar entre a “publicidade institucional”, na que rexe o principio de igualdade, e a “publicidade oficial”, na que a Administración é libre de elixir o medio de comunicación para cumprir cos requisitos legais de publicidade de actos administrativos en materia

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDÓ PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	3/48



expropiatoria, urbanística, de contratación, etc. (STSJ Valencia, Sección 3ª, de 10 de novembro de 2004).

Aplicando o exposto á entidade provincial, entendemos por traballos de publicidade a aquela actividade comunicativa que, orientada á difusión dunha mensaxe común, realiza a Deputación de Lugo para dar a coñecer aos cidadáns os seus dereitos e obrigas, os servizos que presta e as actividades e proxectos que desenvolve. É unha publicidade radicalmente distinta á publicidade de carácter político e da publicidade das disposicións normativas, resolucións e actos administrativos ou xudiciais. Así, os poderes públicos, teñen o deber de informar aos cidadáns dos servizos públicos que prestan, e de todos aqueles extremos que sexan necesarios para que exerzan os seus dereitos e cumplan os seus deberes. Actividade, esta, que ten que ser puramente informativa, desprovista de todo matiz laudatorio da acción deses poderes ou dos seus titulares (STS, Sala 3ª, Sección 8ª, do 14 de xuño de 2010)

A administración ten a obriga de comunicar a súa acción ó administrado, así a Lei 29/2005, de 29 de decembro de Publicidade e Comunicación Institucional que no seu artigo 2º sinala: *Considerarase campaña institucional de publicidade, toda actividade orientada e ordenada á difusión dunha mensaxe ou obxectivo común, dirixida a unha pluralidade de destinatarios, que utilice un soporte publicitario pagado ou cedido.*


Entre os obxectivos que inclúe a dita lei, no seu artigo 3.1, para promover ou contratar campañas de publicidade e de comunicación destaca comunicar programas e actuacións públicas de relevancia e interese social.

A Deputación de Lugo é unha das institucións de máis peso da provincia, posto que é representa aos preto de 330.000 lucenses dos 67 concellos, e ten o deber de por en marcha proxectos e estratexias políticas en concordancia coa cidadanía. Neste senso as campañas de publicidade desta Deputación van destinadas a informar e promover os seguintes tres piares:

- O coñecemento e promoción dos valores e principios constitucionais, así como a promoción de condutas que reforcen valores como a democracia, a liberdade, a igualdade, o respecto a diversas ideoloxías e crenzas, a convivencia pacífica e a solidariedade.
- A natureza dos servizos que presta a Deputación de Lugo, así como a difusión das súas actuacións e programas que teñan repercusión e interese público e social.
- A información detallada e de modo transparente acerca dos proxectos, investimentos e a xestión desta entidade provincial.

Por outra banda, como destaca no seu preámbulo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a transparencia, o

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	4/48



acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. A transparencia e a publicidade activa constitúen dous piares estratéxicos e fundamentais sobre os que a Deputación pretende sustentar as súas políticas, na procura dunha administración moderna, aberta e ao servizo da cidadanía.


A transparencia é unha ferramenta clave para asegurar a democracia, así como para fomentar a participación e involucración das persoas na xestión do público. Por isto, toda a información en mans das institucións públicas debe someterse ao principio de publicidade.

Ademais, no artigo 20 da Constitución Española destaca que se recoñecen e protexen os dereitos “*a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión*”. Neste sentido, é importante mencionar o artigo 3 apartado 1.a da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, que sinala: “*As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ó Dereito, e deben cumprir entre outros principios o de simplicidade, claridade e proximidade ós cidadáns*”.

Para levar a cabo estas accións de comunicación, a Deputación de Lugo conta cun Servizo de Comunicación que conta con profesionais do sector da comunicación e do marketing. Entre as principais funcións que se desenvolven neste servizo son, entre outras, as seguintes:

- Creación e desenvolvemento da estratexia de comunicación interna e externa para a Deputación de Lugo.
- Planificación, organización e cobertura de rodas de prensa, presentacións, actos e reunións.
- Potenciar, consolidar e coordinar a imaxe institucional adecuando a identidade corporativa visual ao momento, e coordinando todos os símbolos e sinalización da Deputación.
- Coordinar o desenvolvemento das accións de comunicación dos proxectos da Deputación, así como das campañas de imaxe da institución provincial.
- Definir e controlar a imaxe da institución nos actos nos que participe ou estea presente.
- Prover e xestionar un arquivo de imaxes, actos ou temas xerais.
- Coidar os símbolos propios da Deputación: escudo, bandeira, libro de honra, etc.
- Asesorar aos concellos da provincia cando o soliciten en materia de comunicación.
- Coordinación dos diferentes departamentos involucrados nas accións de comunicación.
- Contribuír a que a comunicación sexa a desexada e que teña connotacións

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	5/48



positivas.

- Xestión e asesoramento en materia de imaxe corporativa, velando sempre pola boa imaxe pública da Deputación de Lugo.
- Deseñar e implementar plans, estratexias, sistemas de comunicación, relacións públicas e publicidade externa e interna da institución.
- Coordinar as accións publicitarias e a xestión de medios de comunicación.
- Planificación de medios das campañas de publicidade


A través deste Servizo de Comunicación a Deputación de Lugo vai dando cumprimento ás obrigas, deberes e principios sinalados anteriormente. Utilizando medios propios coma son o portal de transparencia, para cumprir coa obriga de publicidade activa, o portal web institucional da Deputación, a difusión a través de redes sociais e outros instrumentos de comunicación como son a celebración de roldas de prensa dirixidas aos medios de comunicación, e a distribución a estes medios de dossiers, de notas de prensa e información gráfica dos eventos.

Como complemento a esta labor de comunicación da actividade diaria da Deputación de Lugo realizada con medios propios, e co obxecto de que esa información poida ser coñecida polo maior número de persoas posible, a entidade provincial facilita aos cidadáns información sobre os seus dereitos e obrigas, o funcionamento da propia institución, os servizos públicos que presta e a diversa actividade que desenvolve, mediante a contratación de servizos de inserción de publicidade cos principais medios de comunicación do territorio dependendo do público potencial ao que se pretenda chegar. Esta actividade informativa realízase en todos os soportes mediáticos (prensa escrita, medios dixitais, radio, etc.), de acordo coas directrices establecidas ao efecto polo Servizo de Comunicación.

Con carácter xeral, a contratación dos servizos de inserción de publicidade da Deputación de Lugo é promovida polo Servizo de Comunicación. Non obstante ao anterior, as diferentes áreas da entidade provincial tamén planifican e promoven a contratación dos mencionados servizos para trasladar á cidadán información máis detallada sobre algunha iniciativa, proxecto, actividade ou información que sexa necesario facer chegar ao maior número de persoas posibles, labor esta que realizan, coa coordinación necesaria do Servizo de Comunicación.

Se ben a institución provincial conta con estes recursos para a creación das mensaxes publicitarias, a planificación nos medios de comunicación e incluso para realizar a imaxe gráfica das mesmas, moitas veces bastará con contratar cos medios a publicación e a realización da campaña, pero noutras ocasións, cando se requira especialización, cando esteamos a tratar con medios diferentes a prensa escrita ou cando se requira unha maior labor de produción que non poida ser abordada polo persoal propio, será preciso contratar tamén a elaboración e produción de certos contidos e o deseño de campañas especializadas. Neste senso o que se pretende é


Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	6/48



intentar lograr o maior impacto da actividade provincial coma consecuencia da participación da cidadanía mediante o coñecemento dos fins e actividades provinciais, logrando a través da difusión da actividade publica un efecto transversal nos obxectivos nos obxectivos do desenvolvemento socioeconómico provincial.

Coa finalidade de cumprir dun xeito eficaz e eficiente cos obxectivos da publicidade a realizar pola entidade provincial, garantir a súa transparencia e ordenar, coordinar e optimizar os recursos e as accións promovidas para acadar tales fins a través dos medios propios e dos medios externos anteriormente sinalados, faise necesaria a elaboración dun Plan de Medios que respecte as marcas identificativas da Deputación de Lugo e dote de uniformidade todas as campañas de difusión por ela promovidas.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	7/48




III.- CARACTERÍSTICAS DO PLAN DE MEDIOS

A Deputación de Lugo, aprobou para o ano 2019, un plan de medios onde se expoñían os obxectivos a perseguir e a forma de acadalos, así como a previsión en canto á necesidade de realizar campañas de difusión e de publicidade institucional e as liñas estratéxicas nas que se deberían encadrar.

Á hora de realizar ese primeiro plan de medios da Deputación de Lugo tomouse como referencia o Informe do Servizo de Contratación e Fomento: “*INSTRUMENTOS PARA A CONTRATACIÓN DA PUBLICIDADE INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO*”, emitido con data 21 de novembro do 2017 así como a normativa reguladora da publicidade institucional, desta forma o Plan de Medios da Deputación de Lugo, procura:

- a) Respetar os principios que deben rexer a publicidade dunha institución pública (senalados polo propio Tribunal de Contas), que son a transparencia, eficacia, eficiencia, libre concorrncia e non discriminación. A publicidade e comunicación institucional “*deben estar ao estrito servizo das necesidades e intereses dos cidadáns, facilitar o exercicio dos seus dereitos e promover o cumprimento dos seus deberes...*”
- b) Respetar ás prohibicións previstas no artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional, relativas ao contido das campañas institucionais de publicidade e de comunicación
- c) Establecer criterios de reparto da publicidade, de carácter obxectivo, e que deben ser observados tanto pola Administración, se leva a cabo a contratación directa da inserción, como polos contratistas, no suposto de subcontratación (a modo de exemplo algúns criterios obxectivos de reparto poderían ser: a audiencia e difusión dos diferentes medios de comunicación; o custe económico; a eficacia e a eficiencia da publicidade institucional, etc). Ao fin e ao cabo un dos obxectivos que se pretende acadar co Plan de Medios é establecer unha serie de criterios obxectivos que eviten a discriminación dun medio fronte a outro, tal e como indica o propio Tribunal Constitucional.
- d) Respetar e cumprir coa ordenanza do uso da lingua galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP número 212 do 14 de setembro de 2016, na que se regula, entre outras cousas, a utilización preferente da lingua galega nas campañas de publicidade institucional e a colaboración con medios de comunicación que utilicen este idioma.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTTPCC5QBCU3DGQ	Página	8/48



IV.- OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NA PROVINCIA DE LUGO

A provincia de Lugo conta cun gran número de medios tanto de prensa escrita, dixital como radio e televisión.

1.- Prensa escrita

- El Progreso
- La Voz de Galicia
- En Común
- Terra Cha.Xa
- A Mariña.Xa
- Código Cero
- Crónicas da Comarca
- Vaca Pinta
- Cepas y Vinos
- Sermos Galiza
- Nós Diario

2.- Radios

- Radio Lugo (Cadena Ser)
- Radio Principal (Cadena Ser)
- Cadena Cope
- Onda Cero
- Radio Galega
- Radiovoz


3.- Medios dixitais

- Lugo Xornal
- Xornal de Lugo
- Xornal da Mariña
- Xornal de Lemos
- Crónica 3
- Galicia Confidencial
- Praza Pública
- Galicia Dixital
- Galicia Press
- Campo Galego

4.- Axencias de noticias

- Europa Press
- Efe
- AGN

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDU PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	9/48




5.- Televisións

- Canle Ribeira Sacra
- Nós Televisión
- TVG

Existen outros medios susceptibles de participar na planificación de medios en accións publicitarias que teñen un ámbito de actuación máis concreto ou a temática moi determinada cos que se farían contratos puntuais: El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, La Región, La Opinión de A Coruña, El País ou ABC, Luzes, Tempos, Viva Lugo, Ocio en Lugo, As Nosas, Campo Galego, O Sil, RTM Quiroga, Gciencia, Historia de Galicia, Lugo Deporte ou Futbolinlugo, así como medios especializados en turismo, como as revistas Infortursa ou Viajar con Hijos, entre outros. Tamén cabe a posibilidade de que poidan xurdir, durante a vixencia do presente plan de medios, novos medios ou canles de comunicación que se consideren axeitados para a difusión de determinadas campañas, así os instrumentos que se utilicen para a execución do plan de medios deben contemplar de algunha forma esta flexibilidade, que permita engadir novos medios e formas de información e comunicación institucional.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDU PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	10/48



V. CAMPAÑAS PREVISTAS PARA A ANUALIDADE 2020 -2023

A continuación defínense as campañas concretas que se impulsarán no período 2020 – 2023 dende as diferentes áreas e servizos da Deputación de Lugo. Ademais destas campañas concretas e definidas, cada servizo conta cunha parte para promocionar e difundir actividades impulsadas do propio servizo, non sendo campañas concretas para publicitar unha actuación en concreto como as que a continuación se definen senón que se utilizan para poñer en valor aquel traballo que de forma transversal se fai dende cada servizo.

A continuación presentamos as principais campañas previstas, organizadas por áreas de goberno, para as próximas anualidades e que conforman este Plan de Medios da Deputación de Lugo. Estas campañas poderanse ver afectadas e deberán ser revisadas de forma anual, en base ás necesidades novas que vaian xurdindo en cada un dos servizos ou para adaptarse aos cambios organizativos que se puidesen dar na Deputación. Así, no caso de que sexa preciso puntualizar, engadir ou eliminar algunha campaña concreta, aprobaríase as modificacións e addendas que fosen precisas ao presente plan de medios co obxectivo de que este sexa un documento vivo e aliñado coas necesidades reais de cada momento.

1.- Área de Xestión Territorial


1.1.- Conservación e mellora da rede viaria provincial

A Deputación levará a cabo ao longo de todo o ano actuacións de conservación e mellora dos 4.200 quilómetros de estradas da súa titularidade na provincia co obxectivo de garantir a mobilidade en condicións de comodidade e seguridade para os usuarios. Esta liña de acción prioritaria para a Deputación concentra unha parte moi importante dos recursos económicos da institución provincial, cifrados nos Orzamentos deste 2020 nuns 14M€ para operacións de mantemento e conservación dos 4.200 quilómetros da rede viaria provincial –a máis extensa de toda España–, para obra nova e tamén para o funcionamento do Parque Móbil, que presta así mesmo servizo aos 67 concellos da provincia para o acondicionamento das súas vías municipais.

Estas campañas terán como obxectivo informar aos veciños e veciñas da provincia de Lugo das distintas actuacións de conservación e mellora que se acometan na rede viaria provincial, tendo en conta que as vías de comunicación por estrada son fundamentais para a calidade de vida da cidadanía e para a igualdade de oportunidades a través da cohesión territorial e social.

1.2- Plan de Viabilidade Invernal

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	11/48



A Deputación de Lugo, a través da área de Xestión Territorial, activa cada ano o Plan de Viabilidade Invernal, un dispositivo para facerlle fronte coa maior rapidez e eficacia posible ás incidencias que se poidan producir na rede viaria provincial durante a tempada de inverno, tratando de garantir a comodidade e a seguridade dos usuarios fronte ás complicacións que se poden derivar das inclemencias meteorolóxicas.

Estas campañas responderán á necesidade de informar á cidadanía do dispositivo de seguridade activado pola Deputación para manter as estradas de titularidade provincial nas mellores condicións de seguridade e comodidade posible durante o inverno.

1.3- Programas e iniciativas para a xestión territorial

Dende o área de Xestión de Territorial impúlsanse outro tipo de iniciativas, programa e actividades vinculadas cos servizos que xestiona.

As campañas responderán á necesidade de manter informada á cidadanía das diferentes iniciativas, programas e actividades que de forma particular parten desta área.

2.- Área de Promoción Económica e Social

2.1. Rede de Protección Social da Deputación: CAM

A Deputación de Lugo conta cunha Rede de Protección Social, da que forman parte fundamental os Centros de Atención a Maiores. Actualmente está a manter en funcionamento as residencias de Trabada, Pol e Ribadeo, e abrirá as de A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, pero ademais está a avanzar no equipamento das Meira, Ribas de Sil e Navia de Suarna.


Ademais de mellorar o benestar social, os CAM favorecen a conciliación e xeran actividade económica e emprego sostible na provincia.

As campañas de comunicación sobre os Centros de Atención a Maiores centraranse en dar a coñecer os avances impulsados pola Deputación para mellorar o servizo das dotacións sociais en marcha, as actividades e iniciativas que se desenvolven nelas, e tamén as medidas adoptadas para poñer en marcha os resto das residencias que están previstas.

2.2. Rede de Protección Social da Deputación: Servizo de Teleasistencia Domiciliaria

Outras das patas da Rede de Protección Social da Deputación é o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, un servizo no que vén de ampliar nun 13% o número de prazas ofertadas, co que neste ano 2020 chega a preto de 2.000 persoas de toda a provincia. Esta prestación é gratuíta para os usuarios e usuarias, e está dirixida a persoas maiores de toda a provincia, sexan dependentes ou non.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	12/48



A través destas campañas tratarase de poñer en coñecemento da cidadanía a información necesaria para que poidan beneficiarse deste servizo social, así como das melloras implantadas no mesmo.

2.3. Rede de Protección Social: Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

A través do Plan Único de Cooperación cos Concellos, a Deputación achega 1,3M€ no ano 2020 para o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar dos 67 municipios da provincia, un servizo que a día de hoxe atende a unhas 3.000 persoas non dependentes. Esta prestación é o terceiro pilar da Rede de Protección Social da Deputación de Lugo.

A finalidade destas campañas é dar a coñecer aos veciños e veciñas a información necesaria para que poidan beneficiarse deste servizo social financiado pola Deputación.

2.4.- Programa Lugo Termal


Lugo Termal é o programa co que, dende hai xa oito anos, a Deputación favorece o benestar social e dinamiza a economía a través do impulso do termalismo ofrecendo descontos aos veciños e veciñas maiores de 55 anos para facilitarlles o acceso a estes establecementos e recibir terapias mineromedicinais. O Balneario e Termas de Lugo, o Hotel Balneario Río Pambre de Palas de Rei e o Hotel Balneario de Augas Santas de Pantón son os tres establecementos participantes no programa de termalismo da Deputación. Un ano máis, poderase optar por dúas modalidades: con estancia e sen estancia. Este ano están dispoñibles para os lucenses un total de 1.351 prazas: 1.113 con estancia e 238 sen estancia; con descontos de máis de 60 euros para recibir terapias mineromedicinais.

A finalidade destas campañas é que a veciñanza da provincia de Lugo coñeza a existencia do programa Lugo Termal, os requisitos para poder beneficiarse del, e o prazo e o lugar de solicitude das prazas ofertadas para que o maior número de persoas poidan acceder ás mesmas.

2.5.- Plan de emprego xuvenil *Prende! Bota Raíces no Rural*

O plan *Prende! Bota raíces no rural* é un proxecto da Deputación para crear emprego xuvenil e fixar poboación nas zonas menos poboadas da provincia. Conta cun orzamento de 300.000€, achegados nun 92% polo Fondo Social Europeo, e está dirixido a mozas e mozos menores de 30 anos, desempregados, que non estean a estudar. Deben estar inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil e empadroados en concellos lucenses de menos de 5.000 habitantes ou de entre 5.000 e 10.000 que presentan un saldo demográfico negativo na última década. O plan ten dúas fases, unha de formación teórica e outra de experiencia laboral. Na primeira parte, 60 mozos e mozas recibirán formación en catro actividades profesionais cun importante peso no

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTCC5QBCU3DGQ	Página	13/48



tecido produtivo da provincia e que contan cun gran potencial de crecemento, como son as enerxías renovables, hostalería e turismo, xestión forestal, e agricultura e gandería. A maiores, tamén se ofrecerá unha acción formativa específica en autoemprego para aquelas persoas que queiran emprender o seu propio negocio. Na segunda fase do programa, a Deputación concederá axudas a empresas vinculadas cos anteriores sectores produtivos para que contraten durante 8 meses aos mozos e mozas que recibiron a formación, e poidan así adquirir experiencia laboral.

As campañas consistirán en de dar a coñecer o plan *Prende! Bota Raíces no Rural* ao público obxectivo ao que vai dirixido, isto é, mozos e mozas menores de 30 anos e empresas vinculadas aos sectores sobre os que se imparte a formación (enerxías renovables, turismo, xestión forestal, e agricultura e gandería). A difusión desta iniciativa contribuirá a que o maior número de persoas e de empresas poidan beneficiarse dela, ademais de facilitar o seu desenvolvemento e a consecución do fin para o que está ideado, que é a fixación de poboación moza no rural a través da contratación por conta allea ou o desenvolvemento de proxectos emprendedores.

2.6.- Emprendendo no Rural:

Emprendendo no Rural é un programa a través do que a Deputación concede, en concorrencia competitiva, premios a iniciativas empresariais nas zonas rurais da provincia de Lugo. A finalidade deste programa é impulsar iniciativas empresariais; favorecer proxectos novos, excelentes, orixinais e innovadores que promovan fixar poboación; a economía e o emprego no territorio rural; que incorporen novos modelos de xestión, produtos, sistemas ou servizos que favorezan a xeración de riqueza e a calidade de vida na provincia de Lugo.


Poden participar os emprendedores cunha idea ou proxecto de actividade válidos e viables, algo que quedará acreditado na memoria descritiva da actividade, para poñelos en marcha en calquera dos municipios da provincia, agás o de Lugo.

Estas campañas terán como obxectivo dar a coñecer á cidadanía o programa Emprendendo no Rural, sobre todo ás persoas ás que vai dirixido –persoas emprendedoras–, tanto os premios, como as requisitos para optar a eles ou os prazos de presentación dos proxectos e de resolución da convocatoria, o que favorecerá a participación e con elo contribuirá a acadar o fin para o que está ideado, que é dinamizar o tecido económico e o mercado laboral da provincia.

2.7.- Tecendo emprego:

O plan Tecendo Emprego conta cun orzamento de 1.720.000€ para o período 2018–2020. Trátase dunha liña de axudas económicas para a contratación de desempregados lucenses en colectivos sociais que contan con programas de integración sociolaboral de persoas con capacidades diferentes, en risco de exclusión social ou en situación de vulnerabilidade. Trátase de tecer unha rede entre asociacións, os seus usuarios e o mercado laboral.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	14/48



A través das campañas publicitarias o que se pretende é difundir entre o tecido asociativo ao que vai dirixido o plan Tecendo Emprego as condicións para poder beneficiarse da liña de axudas, o que contribuirá ao bo desenvolvemento do proxecto e a acadar o fin para o que está ideado, que é a integración laboral de persoas con capacidades diferentes, en risco de exclusión social ou en situación de vulnerabilidade.

2.8 Punto de Atención a Emprendedores (PAE).


A Deputación ten prevista a creación e posta en marcha neste ano dun Punto de Atención a Emprendedores (PAE), que consiste nunha oficina que ofrece información e axiliza trámites para abrir un negocio. Grazas a este punto, os trámites de alta nunha actividade empresarial serán gratuítos para os emprendedores e emprendedoras, e poderán facerse nun tempo de 48 horas. Os PAE teñen unha dobre misión. Por un lado, prestan servizos presenciais de información e asesoramento aos emprendedores na definición e tramitación telemática das súas iniciativas empresariais, así como durante os primeiros anos de actividade. Por outro, iniciar o trámite administrativo de constitución da sociedade a través do DUE, o Documento Único Electrónico. Este punto será atendido por persoal técnico do servizo provincial de Promoción Económica e Emprego e do Centro de Atención ao Usuario (CAU) da Deputación. O PAE complementa o xa amplo abano de servizos que a institución provincial está prestando en materia de impulso do emprendemento e de creación de emprego.

Os obxectivos das campañas publicitarias estarán dirixidas a difundir entre a cidadanía, sobre todo entre as persoas emprendedoras, a existencia deste servizo público, o Punto de Atención a Emprendedores (PAE), e das prestacións que ofrece para axudar a poñer en marcha un proxecto empresarial co fin de que teña a maior rendibilidade social posible e contribúa a dinamizar o tecido económico e laboral da provincia.

2.9.- Axencia de Colocación

A Deputación de Lugo puxo en marcha no 2018 a Axencia de Colocación, un servizo público e gratuíto destinado a favorecer a inserción laboral. Este departamento, a través de axentes de emprego do organismo provincial, asesoramento persoal e individualizado ás persoas que buscan traballo, ás que desexen mellorar a súa situación laboral ou ás que queiran emprender. Ademais, a Axencia de Colocación conta cunha plataforma web na que os interesados poden consultar toda a información ou inscribirse en ofertas de emprego. Dende os seus inicios, este servizo recibiu máis de 3.600 solicitudes de persoas que estaban no paro ou que buscaban mellorar a súa situación laboral, conseguindo inserir no mercado laboral a máis de 360 desempregados. Ademais, ofreceuse asesoramento profesional a preto de 3.000 persoas de forma presencial e atendéronse 2.350 chamadas.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	15/48



A través de diferentes campañas de publicidade tratarase de dar a coñecer á cidadanía, especialmente aos veciños e veciñas da provincia que se atopan en situación de desemprego, a existencia deste servizo público, a Axencia de Colocación, e das prestacións que ofrece para facilitar a súa inserción laboral e a oficina teña así a mellor rendibilidade social posible.

2.10.- Cursos de capacitación

A Deputación de Lugo organiza ao longo do ano cursos de capacitación en sectores profesionais con demanda no mercado laboral e con potencial de crecemento, como os dos transportes, gandería, xestión forestal, transformación da madeira ou redes pesqueiras, co obxectivo de contribuír á profesionalización destas actividades e favorecer a inserción laboral.

O que se pretende con este tipo de campañas é informar á veciñanza da provincia da organización dos cursos de capacitación, os sectores aos que están dedicados, os contidos a tratar, ou os prazos de solicitude e de celebración dos mesmos, para favorecer a máxima participación e que, deste xeito, sexan o máis útiles posible á cidadanía.

2.11.- Programa Ilumin@

O programa Ilumin@ da Deputación ten como obxectivo cooperar cos concellos da provincia para que reduzan o consumo enerxético nas instalacións municipais e polo tanto a factura eléctrica coa substitución dos actuais equipamentos de iluminación por outros máis eficientes. Conta un orzamento de 730.000€, dos cales o 92% o achega a Unión Europea.


Ademais de dar a coñecer á cidadanía o desenvolvemento do plan de aforro enerxético para os concellos Ilumin@, as campañas terán como finalidade que as actuacións da administración local para a substitución de equipos de iluminación por outros máis eficientes sirva de modelo a seguir, de referencia, para os veciños e veciñas co fin de que opten nos seus fogares por sistemas de aforro enerxético, o que, non só contribuír á redución da factura da luz, senón tamén ao coidado e sostibilidade do medio ambiente coa baixada de emisións de CO2 a atmosfera.

2.12.- Obradoiros de novas tecnoloxías para as persoas maiores

O obxectivo dos obradoiros gratuítos dos Servizos Audiovisuais para persoas maiores é favorecer o uso das novas tecnoloxías entre o colectivo da terceira idade e, con iso, a súa integración, envellecemento activo e a mellora da súa calidade de vida.

O obxectivo das campañas é que o público ao que van dirixidos os obradoiros de novas tecnoloxías para persoas maiores coñezan a iniciativa, os cursos ofertados, o número de prazas, e o prazo e lugar de solicitude dos mesmos co fin de que participen neles o maior número de persoas.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	16/48



2.13.– Centro de Formación Audiovisual da Deputación

O Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo conta cun Centro de Formación Audiovisual –a antiga Escola de Imaxe e Son–, o único público a provincia que ofrece estas ensinanzas, ademais de maneira gratuíta, agás para os repetidores. Imparte o grao superior de Produción de audiovisuais, radio e espectáculos e de Realización de audiovisuais e espectáculos.

As diferentes campañas irán destinadas a difundir entre a cidadanía o labor do Centro de Formación Audiovisual da Deputación, dos ciclos que imparte, as materias e actividades que inclúe, así como os prazos de matrícula e de celebración dos cursos, para favorecer a participación e contribuír así ao pulo que está a vivir o sector audiovisual lucense e galego.

2.14.– Centro de Produción de Programas


O Servizo de Audiovisuais da Deputación conta cun Centro de Produción de Programas, unhas modernas instalacións con equipos para a produción de pezas ou programas de radio e televisión, que utilizan tanto o alumnado do Centro de Formación Audiovisual como os propios profesionais do Servizo de Audiovisuais para o desenvolvemento de traballos froito da colaboración con entidades e asociacións co fin de difundir a súa actividade ou o patrimonio da provincia.

As diferentes campañas teñen como finalidade dar a coñecer o funcionamento do Centro de Produción de Programas da Deputación e difundir os traballos radiofónicos e audiovisuais que desenvolve para potenciar a súa repercusión na cidadanía, sobre todo os relativos á promoción do coñecemento do patrimonio material e inmaterial da provincia, e con elo potenciar as visitas ao territorio e promover así a actividade económica.

2.15.– Film Comission

O Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo conta cunha Film Comission, que ten como obxectivos promover o territorio da provincia como espazo axeitado para a rodaxe e produción de todo tipo de obras de carácter audiovisual; tramitar os permisos de rodaxe; ofertarlles apoio loxístico aos produtores de ámbito nacional e internacional pertencentes ao sector audiovisual; asesorar na busca de localizacións; proporcionarlle ao sector técnicos e servizos para a posta en marcha de producións audiovisuais; facer o seguimento das rodaxes que se produzan en Lugo e a súa provincia; colaborar na formación do alumnado do Centro de Formación Audiovisual; fomentar as actividades de formación audiovisual; asistir e participar en eventos relativos á promoción e produción audiovisual e/ou coa promoción turística fomentando deste xeito o patrimonio cultural da provincia; colaborar co Consorcio Audiovisual de Galicia e outras entidades na realización de actividades relacionadas co

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	17/48



sector audiovisual e elaborar informes ou memorias anuais sobre o desenvolvemento do sector audiovisual na provincia.

O obxectivo destas campañas será o de difundir entre a cidadanía en xeral, e entre os profesionais do sector audiovisual do país, a existencia e funcionamento da *Film Comission* da Deputación para que poidan sacarlle o máximo partido e así contribuír a fortalecer o audiovisual como unha industrial cultural xeradora de actividade económica e emprego, pola súa propia actividade, pero tamén pola capacidade que ten para proxectar fóra a riqueza patrimonial da provincia e así impulsar o turismo.

2.16.- Innovación, novas tecnoloxías e fondos europeos

A Deputación de Lugo vén apostando de forma intensa os últimos anos pola innovación e pola tecnoloxía, levando a cabo un ambicioso proxecto de modernización constante e ofrecendo servizos de telecomunicacións e de tecnoloxías da información (TIC) non só aos traballadores da propia Deputación, senón tamén aos concellos da provincia e a cidadanía e ao tecido empresarial. Ofrece non só aplicativos e servizos informáticos senón tamén que dá asistencia técnica para o seu uso axeitado, adaptándose ao novo marco normativo e liderando iniciativas tecnolóxicas e innovadoras por toda a provincia. A rede interadministrativa, que conecta concellos da provincia co centro de proceso de datos da Deputación, a asistencia en materia de licitación electrónica ou de facturación electrónica, a ampliación do catálogo de servizos telemáticos dispoñibles na sede electrónica, son algúns exemplos dos traballos realizados polos servizos TIC da Deputación.

A Deputación tamén participa activamente no asesoramento, captación e xestión de fondos europeos, liderando proxectos cofinanciados con Europa e colaborando en moitos outros.


O que se pretende coas campañas de publicidade é poñer en valor o traballo realizado pola Deputación en materia de modernización, innovación e tecnoloxía, así como na xestión de fondos europeos, a través de difusión destas actividades entre a cidadanía e o tecido empresarial da provincia. En particular cando se presenta un novo servizo dirixido a un sector determinado da poboación, é preciso facer a campaña de publicidade máis axeitada para que todo aquel que poida estar interesado teña coñecemento e poida acceder ao mesmo.

2.17.- Programas e iniciativas para a promoción económica e social

Dende o área de Promoción económica e social impúlsanse outro tipo de iniciativas, programa e actividades vinculadas cos servizos que xestiona.

As campañas responderán á necesidade de manter informada á cidadanía das diferentes iniciativas, programas e actividades que de forma particular parten desta

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	18/48



área.

2.18.– Estratexia de reactivación social e económica ante a crise do COVID–19

A Deputación de Lugo deseñará e desenvolverá unha estratexia integral para a reactivación social e económica da provincia debido ao impacto da crise sanitaria provocada polo coronavirus COVID–19 que recollerá medidas a corto, medio e longo prazo de impulso de sectores produtivos fundamentais para a provincia.

As campañas terán como obxectivo difundir entre a sociedade e o tecido económico as medidas incluídas na estratexia integral desenvolvida pola Deputación para contribuír á recuperación da crise do coronavirus porque iso garantirá a utilidade e eficacia das mesmas.

3.– Área de Recursos Humanos, Promoción do Territorio e Turismo

3.1.– Rutas fluviais


A Deputación de Lugo ten un servizo de rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra que supón un reclamo de primeira orde para atraer visitantes á zona e a toda a provincia, tal e como demostra o crecente número de pasaxeiros rexistrados, e contribuír deste xeito a impulsar o sector turístico e dinamizar a economía e o emprego. Na última tempada, a de 2019, subiu un 5%, co que o número total ascendeu a preto de 62.000 persoas.

As campañas consistirán en informar á cidadanía sobre todos aspectos relacionados co funcionamento das rutas fluviais en catamarán, como os puntos de información ou a reserva e compra de billetes para favorecer, facilitar e incrementar as viaxes, e deste xeito o impacto económico e laboral desta oferta turística na provincia.

3.2.– App Inventrip/Inventa a túa viaxe e App Lugo 360

A Deputación de Lugo aposta por fomentar o turismo a través das novas tecnoloxías co fin de facer que a oferta sexa máis accesible e competitiva, e mellorar a experiencia do visitante. Para iso, activou unha App gratuíta que opera baixo o paraugas da plataforma Inventrip. Inclúe información sobre uns 2.500 puntos de interese, incluídos elementos do patrimonio cultural e natural, rutas, artesáns, adegas, empresas de turismo activo, restaurantes ou establecementos turísticos. Así mesmo, ofrece outra aplicación móbil, tamén gratuíta, que permite coñecer a provincia en 360 graos a través de realidade aumentada en calquera parte do mundo e desde calquera dispositivo. Esta iniciativa reforza o turismo de experiencias e favorece a posta en valor e promoción do patrimonio cultural e natural da provincia de Lugo. A aplicación abre un entorno virtual que permite ao usuario unha visita inmersiva a calquera dos catro xeodestinos da provincia (Ancares–Courel, A Mariña, Lugo–Terra Chá e Ribeira

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR TELLA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	19/48



Sacra) e motivalo para unha visita real.

As campañas neste caso están pensadas para difundir entre a cidadanía a existencia destas apps gratuítas da Deputación, Iventrip e Lugo 360 para favorecer a súa descarga e utilización e deste xeito contribuír ao fin para que foron activadas, que é mellorar a experiencia do visitante e incrementar as visitas á provincia co fin de potenciar o sector turístico como fonte de riqueza e emprego.

3.3.- Impulso á candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade

A Deputación de Lugo iniciou en 2011 un movemento institucional e social en favor da declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, unha iniciativa á que posteriormente se uniron outras administracións. A institución provincial ten como obxectivo seguir apostando por este recoñecemento internacional, que supoñerá un antes e un despois no turismo da zona sur de Lugo e do conxunto da provincia.

O obxectivo das campañas será o de impulsar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade con accións de promoción e difusión, e dar a coñecer á cidadanía as medidas tomadas pola Deputación para conseguilo.

3.4.- Festas, feiras e certames apoiados pola Deputación

A Deputación de Lugo destina unha parte importante dos seus recursos económicos a apoiar a celebración de festas e certames en concellos da provincia cunha alta capacidade para atraer visitantes aos lugares nos que se celebran e ao conxunto de Lugo.

O obxectivo das campañas será dar a coñecer a celebración das festas, feiras e certames na provincia para contribuír a aumentar o volume de visitantes e, polo tanto, de actividade económica xerada por estes eventos.


3.5. Participación da Deputación en feiras turísticas

Tal e como acordou o Consello Provincial de Turismo, a Deputación reforzará a presenza da provincia de Lugo en feiras de turismo de ámbito nacional e internacional para a promoción da provincia, o establecemento de contactos con profesionais do sector para acadar maior visibilidade e a detección de tendencias dos viaxeiros e novas oportunidades.

As campañas neste caso teñen como finalidade incrementar a propia proxección mediática que supón a participación da provincia en feiras turísticas.

3.6.- Premios *Lugo Cambia*

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	20/48



O Consello Provincial de Turismo, impulsado pola Deputación e do que forman parte os axentes sociais e económicos lucenses vinculados co sector turístico, aprobou convocar neste 2020 os premios *Lugo Cambia*, que incluírán dúas modalidades: unha propia de turismo e outra da gastronomía lucense. Con estes galardóns recoñecerase o traballo de persoas, entidades ou institucións a prol do fomento da promoción turística da provincia, así como actuacións innovadoras no mundo hostaleiro.


Coas campañas preténdese dar a coñecer á cidadanía en xeral e ao sector hostaleiro en particular a convocatoria dos premios Lugo Cambia, as datas de presentación das candidaturas, os requisitos para optar, a composición do xurado e o seu fallo, ou a data da entrega dos galardóns, entre outros aspectos, para favorecer a participación e contribuír deste xeito a consolidar a iniciativa como un referente no sector que implique aos profesionais no fomento da promoción turística da provincia e no impulso de innovacións na hostalería.

3.7.- Destino científico Ancares–Courel

A Deputación de Lugo ten en marcha unha serie de accións para potenciar a provincia como destino turístico diferenciado co fin de impulsar o sector e crear así riqueza e emprego de maneira sostible, que contribúa a fixar poboación. Entre os proxectos impulsados polo organismo provincial, destaca a creación dun ecosistema integrado de Turismo Científico nos Ancares e Courel, unha iniciativa froito da cal as Montañas dos Ancares e O Courel recibiron a certificación Espazo Observer Turismo Científico, un recoñecemento que avala o potencial deste espazo natural como reserva científica. Este tipo de turismo de experiencias supón un motor de desenvolvemento económico cun importante efecto multiplicador para os concellos que integran o territorio. A Deputación puxo en marcha unha serie de acción para potenciar este tipo de turismo de natureza, como formación de guía de turismo científico, xornadas informativas, a elaboración dun vídeo promocional dos valores naturais deste destino de turismo científico e tamén unha guía dixital de roteiros con 50 puntos de interese e con 5 itinerarios diferentes sobre Xeoloxía, Botánica, Ecoloxía, Zooloxía e Arqueoloxía que xa está dispoñible para a súa descarga na web da Deputación de Lugo. Tamén se está a traballar na creación dunha Rede Profesional de Turismo Científico, da que formarán parte os 16 concellos da provincia que integran este espazo natural, universidades, administracións encargadas da planificación e deseño de políticas turísticas, xestores públicos e tamén empresas de turismo, fundacións e investigadores, entre outros, vinculados ao turismo científico deste territorio.

As campañas buscan consolidar o destino científico Ancares Courel difundindo os seus valores e características diferenciais, así como a serie de accións impulsadas pola Deputación (formación, rutas, rede profesional...) para promocionar este recoñecemento, que supón un valor engadido para a oferta turística da provincia con capacidade para atraer visitantes de fóra de Galicia.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDÓ PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	21/48



3.8.- Turismo deportivo

A Deputación poñerá en marcha un programa de actividades para fomentar o turismo deportivo nos concellos da provincia co fin de incrementar o número de visitantes e con elo a actividade económica a través da xeración de actividade no sector hostaleiro e comercial.

As campañas pretenden ofrecer información sobre as actividades vinculadas ao turismo deportivo que impulsará a Deputación co fin de favorecer a participación nas mesmas e que realmente cumpran co obxectivo para o que esta iniciativa está concibida, que é atraer visitantes aos concellos que desexen desfrutar dos ambientes naturais facendo actividades deportivas.

3.9.- Edición e distribución de material informativo sobre os atractivos turísticos da provincia.

A Deputación de Lugo ten previsto renovar e incrementar o material informativo sobre os atractivos turísticos da provincia, tanto en formato dixital como en papel, dentro da súa aposta por impulsar este sector como un dos motores económicos da provincia.

A finalidade da campaña é difundir entre a cidadanía tanto o material informativo sobre os atractivos turísticos da provincia xa existente como novos materiais elaborados pola Deputación, para xerar interese e que os soliciten a maior cantidade de entidades e persoas posibles, porque iso supoñerá cando menos un aumento das posibilidades de atraer máis visitantes e unha maior actividade turística.

3.10.- Estratexia de reactivación turística ante a crise do COVID-19

A Deputación de Lugo desenvolverá unha estratexia de promoción dos valores e singularidades da provincia para contribuír á reactivación da actividade turística ante o impacto provocado pola crise sanitaria do COVID-19 neste sector fundamental para o dinamismo e o crecemento de Lugo.

As campañas terán como obxectivo difundir e promocionar entre a cidadanía os valores e singularidades da provincia para poder gozar dun turismo de calidade e con garantía de saúde, co fin de reactivar o sector turístico tras a crise do coronavirus.


4.- Área de Economía, Recadación e Facenda

4.1.- Orzamentos

A Deputación de Lugo conta para este exercicio cun Orzamento de 92M€, que ten como prioridades as políticas sociais, a mellora da rede viaria e o impulso dos sectores produtivos.

Cada ano a Deputación aproba uns novos orzamentos, tamén existe a posibilidade de

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	22/48



aprobar diferentes modificación, axustando o orzamento á realidade da provincia.

Os obxectivos das campañas de comunicación será a de difundir as liñas de actuación, proxectos, programas e axudas económicas fundamentais recollidos nos Orzamentos da Deputación para dalas a coñecer á cidadanía e ao tecido asociativo e produtivo da provincia, tendo que conta que son os principais destinatarios dos recursos públicos xestionados pola institución provincial.

4.2. Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

A Deputación conta cun servizo de Xestión Tributaria e Recadación que se encarga da xestión, recadación e inspección de tributos e outros ingresos de carácter público en base á delegación de competencias que fixeron os concellos da provincia, de conformidade coa lexislación que regula a lexislación de Facendas Locais.

A finalidade das campañas será a de poñer en coñecemento da cidadanía o labor do servizo de Xestión Tributaria e Recadación, así como a súa repercusión nas arcas municipais, en tanto que a Deputación adianta aos concellos que decidiron delegar esta competencia na institución provincial o importe económico correspondente ao que recadarán a final de ano, o que supón unha importante inxección de liquidez da institución provincial ás entidades locais para que poidan prestar máis servizos e de mellor calidade á súa veciñanza.

5.- Área de Participación Cidadá

5.1.- Hortos Urbanos Ecolóxicos no parque do Rato e en Paradai.


A Deputación vén de finalizar os traballos de remodelación integral dos hortos públicos que ofrece nas zonas do Rato e Paradai, en Lugo, unha actuación que permitirá ofrecer 175 novos espazos accesibles, con máis servizos e nos que se promoverán prácticas agroecolóxicas. Os hortos teñen novos peches, sistema de rego ou compostaxe.

As campañas informarán á cidadanía da existencia, o funcionamento e as actividades organizadas en torno aos hortos urbanos ecolóxicos da Deputación nas zonas do Rato e Paradai, unha oferta de lecer ambiental que favorece o coidado do medio ambiente, ademais de promover hábitos de vida saudable.

5.2- Programas e iniciativas orientadas á participación cidadá

A participación cidadá é un dos piores polos que aposta o goberno da Deputación de Lugo, que pretende involucrar á cidadanía nas decisións que se tomen a nivel provincial. Para iso fomenta e impulsa diferentes iniciativas de participación cidadá, elaboración de enquisas, debates, exposicións públicas, etc.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDU PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	23/48



O obxectivo das campañas de publicidade será informar á cidadanía dos procesos e iniciativas de participación que se vaian lanzando dende a Deputación, co obxectivo de conseguir involucrar ao maior número de cidadáns na toma de decisións.

6.- Área de Muller e Igualdade

6.1.- Faladoiros Feministas

A Deputación de Lugo, en colaboración co Foro Feminista Maruxa Mallo, organiza o ciclo Faladoiros Feministas, unha iniciativa que ten como obxectivo a conexión do feminismo coa cidadanía, propoñendo alternativas para situacións derivadas da estrutura social patriarcal, empoderar ás mulleres e loitar pola igualdade e contra as violencias machistas. A Deputación colabora cunha achega de máis de 13.000 euros e tamén coa gravación dos faladoiros e a súa difusión en redes sociais a través do departamento de servizos audiovisuais.

As campañas estarán encamiñadas a informar ao conxunto da cidadanía da celebración do ciclo de Faladoiros Feministas, tanto dos obxectivos, como das poñentes e das datas de celebración, co fin de acadar a máxima participación posible en cada un dos foros e conseguir o obxectivo para os que están organizados, que é avanzar cara a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.


6.2.- Referentes Galegas nas Aulas:

A Deputación de Lugo, en colaboración coa asociación Executivas de Galicia, ten en marcha o proxecto Referentes Galegas nas Aulas, unha actividade que naceu da identificación da falta de visibilidade de modelos femininos a seguir nos diferentes ámbitos profesionais e que consiste na celebración de encontros entre o alumnado de ensinanza Secundaria e Formación Profesional da provincia con mulleres referentes de Galicia. Preto de 700 alumnos e alumnas de entre 15 e 18 anos participarán nesta iniciativa, que inclúe un total de 14 encontros en diferentes centros educativos da provincia nos que participan mozos e mozas de 4º da ESO, Formación Profesional e 1º de Bacharelato. No programa Referentes Galegas nas Aulas participan poñentes de múltiples eidos profesionais que comparten as súas experiencias e interactúan co alumnado resolvendo as súas dúbidas e atendendo as súas inquietudes.

O obxectivo das campañas é dar a coñecer ao conxunto da cidadanía a celebración do programa Referentes Galegas nas Aulas para proxectar na sociedade o traballo desenvolvido nas aulas no marco deste proxecto, contribuíndo así a acadar o seu fin, que é avanzar cara a eliminación de estereotipos e roles sexistas, e, deste xeito, cara a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

6.3.- Conmemoración do 8M, Día da Muller

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDÓ PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	24/48



A Deputación de Lugo súmase ano a ano á conmemoración do Día da Muller, o 8 de Marzo, dentro do seu compromiso por incorporar o impacto de xénero en todas as accións impulsadas pola institución, e de concienciar e de levar a cabo iniciativas para acadar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, unha base imprescindible para eliminar a lacra das violencias machistas. Con motivo desta conmemoración, a Deputación organiza diversas actividades, como xornadas, obradoiros, debates... sobre a igualdade dirixidos a todos os públicos.

O obxectivo da campaña é visualizar o apoio da Deputación á conmemoración do 8M e das actividades que organiza en torno a esta data, o que contribuirá a acadar os propios fins para os que esta iniciativa está concibida, centrados en avanzar cara unha sociedade máis igualitaria.

6.4.- Conmemoración do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

A Deputación de Lugo conmemora cada ano o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o 25 de novembro, sumándose á campaña de mobilización social e institucional *En Negro contra as Violencias*, de ámbito autonómico, que ten como obxectivos, entre outros, fomentar a sensibilización cidadá contra as violencias machistas no ámbito municipal; implicar a toda a sociedade –tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural– nunha resposta colectiva de rexeitamento da violencia de xénero; ou promover a transversalidade de xénero nas accións políticas municipais para traballar a prol da igualdade e pola prevención deste tipo de violencia en todos os ámbitos. No marco desta campaña, a Deputación impulsa un programa de actividades reivindicativas, entre elas a andaina *En Camiño contra as Violencias*.


Coa campaña búscase proxectar na sociedade o traballo e as actividades reivindicativas realizados no marco do programa En Negro contra as Violencias á que está adherida a Deputación de Lugo, xunto co 67% dos municipios da provincia, co fin de contribuír a acadar os propios fins para os que está iniciativa institucional e social está concibida, que son avanzar cara a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres e a eliminación total das violencias machistas.

6.5- Programas e iniciativas para fomentar e promover a igualdade

A Deputación de Lugo aposta pola igualdade, presente en todas as decisións e actuacións que está a levar a cabo, pero ademais tamén realiza programas e actividades específicos que teñen por obxectivo fomentar a igualdade e poñer en valor a figura da muller na nosa sociedade.

O obxectivo das campañas de publicidade será informar á cidadanía de todas aquelas iniciativas, actividades, xornadas e programas impulsados pola Deputación para

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	25/48



fomentar e promover a igualdade.

7.- Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos

7.1.- Asistencia técnica aos Concellos

A cooperación cos concellos é unha acción transversal da Deputación, polo que a institución presta aos municipios unha asistencia técnica en moi diversas materias, dende xurídica, económico financeira ou en contratación ata en recursos humanos, xestión administrativa, tributaria e recadatoria, e mesmo en protocolo e formación. Destes xeito, constitúe un soporte fundamental para o funcionamento diario das administracións locais, que ademais poden facer as consultas, non só de maneira persoal ou telefónica, senón tamén telemática. A prestación do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos verase notablemente mellorada co seu traslado ás instalacións do Fogar de Santa María neste 2020, cando a Deputación estima que finalizarán as obras de rehabilitación de dous dos 9 pavillóns cos que contan estas dependencias, onde serán trasladados tamén os servizos de Recadación, Asesoría Xurídica e Medio Ambiente.

As campañas buscan informar da asistencia técnica que a Deputación ofrece aos concellos para o seu funcionamento diario porque esta repercute nun mellor e máis áxil servizo das administracións locais á cidadanía.


7.2.- Plan Único de Cooperación cos Concellos

O Plan Único de Cooperación cos Concellos é un dos principais instrumentos a través dos que a Deputación de Lugo desenvolve unha permanente colaboración cos 67 municipios da provincia para que poidan prestar servizos públicos de calidade aos seus veciños e veciñas. Nos últimos anos vense renovando e ampliando este Plan de Colaboración cos concellos, así, neste ano 2020, a institución provincial ten previsto destinar máis de 20 millóns de euros ao Plan Único, entre a dotación económica reservada nos Orzamentos e a incorporación de remanentes. O reparto destes fondos públicos da institución provincial establécese de xeito transparente, equitativo e xusto en base a criterios obxectivos, aprobados no Pleno, entre todos os concellos lucenses. O Plan Único está destinado á dotación e mellora de servizos e infraestruturas públicos; o Servizo de Axuda no Fogar; a creación de emprego; actividades turísticas, culturais e deportivas; administración electrónica e tamén para soste a outros servizos, como Protección Civil.

Coas campañas sobre o Plan Único de Cooperación dos Concellos búscase informar á cidadanía da colaboración da Deputación cos 67 municipios da provincia para que poidan prestarlles máis e mellores servizos e infraestruturas, e así aumentar a súa calidade de vida, ademais de xerar condicións máis favorables para dinamizar a economía e crear emprego. Nun exercicio de transparencia, o obxectivo é dar a

26

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	26/48



coñecer a finalidade dos fondos públicos que a institución provincial lles transfere aos concellos.

7.3.- Programa de axudas para a recuperación de terras abandonadas

A Deputación de Lugo vén desenvolvendo nos últimos anos un programa de axudas económicas a explotacións agrogandeiras da provincia para que poidan aumentar a súa base territorial e así aumentar a súa produción, sostibilidade e competitividade. Esta iniciativa supuxo a posta en produción nos últimos 5 anos de 1.900 hectáreas de terreo na provincia.


O obxectivo destas campañas é dar a coñecer á cidadanía en xeral, e aos produtores agrogandeiros en particular, a existencia da liña de axudas da Deputación para aumentar a base territorial das explotacións, os requisitos para solicitalas, a convocatoria, o prazo para presentar as peticións e as resolucións, co fin de que se poidan beneficiar do programa o maior número posible de gandeiros e agricultores.

7.4.- Programa Lugo, Provincia Cardioprotexida

A Deputación puxo en marcha o programa *Lugo, Provincia Cardioprotexida*, unha iniciativa a través da que a institución provincial dotará de Desfibriladores Semiautomáticos (DESA) aos 49 concellos que decidiron sumarse a este iniciativa, e que leva aparelhada a formación necesaria a persoal municipal para o seu manexo. A Deputación investirá 60.000€ para a contratación conxunta do subministro de desfibriladores, un por cada concello que decidiu adherirse a este proxecto, así como da formación para o seu uso. Serán os propios concellos os que decidan onde colocan os desfibriladores, que poderán situar en calquera instalación de titularidade municipal onde sexa útil, como por exemplo, nos consistorios, pavillóns deportivos, centros sociais ou casas da cultura. Os concellos ocuparanse da instalación do equipamento e deberán adscribir o persoal necesario para o seu manexo, así como asumir os gastos de mantemento. Os municipios que optaron por sumarse a *Lugo, Provincia Cardioprotexida* representan preto do 72% dos de toda a provincia. Son: Abadín, Antas de Ulla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Chantada, O Corgo, O Courel, A Fonsagrada, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Ourel, Outeiro de Rei, Palas, Pantón, Paradela, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Proba de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Riotorto, Samos, Sarria, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xermade.

As campañas terán como finalidade difundir o programa *Lugo, Provincia Cardioprotexida* porque a veciñanza é a beneficiaria desta iniciativa que a Deputación desenvolve en cooperación cos concellos, en tanto que está dirixida a aumentar os niveis de protección dos cidadáns ante posibles fallos cardíacos tratando de ofrecer

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR TELLA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	27/48



unha atención o máis rápida posible coa instalación de desfibriladores en instalacións públicas.

7.5- Difusión de xornadas, cursos formativos e programas destinados a favorecer a cooperación con concellos

Ademais das actuacións anteriormente mencionadas, dende a área de Asistencia e Cooperación con concellos organízanse e realízanse diferentes xornadas, cursos de formación e programas que poden ser de interese non só para os concellos da provincia, senón para determinados sectores da provincia, e que procuran non só manter informada á provincia, senón tamén promover e favorecer a cooperación entre administracións e cos concellos.

As campañas irán destinadas a difundir e promocionar entre a cidadanía as diferentes xornadas, programas e actividades que se impulsen dende esta área.

8.- Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento

8.1.- Plan de apoio ao Campus Terra

A Deputación desenvolve por cada curso académico un plan con diversas medidas de apoio ao Campus Terra co fin de contribuír ao incremento do alumnado e a impulsar Lugo como destino universitario.

O obxectivo da campaña é dar a coñecer á cidadanía en xeral, pero sobre todo á poboación en etapa universitaria, as medidas da Deputación en apoio do Campus Terra para que poidan beneficiarse delas. A propia difusión nos medios de comunicación das vantaxes de estudar en Lugo contribúe aos propios fins deste paquete de medidas de atraer a máis estudantes ao Campus.

8.2- Difusión de plans e actividades formativas.


A Deputación presenta todos os anos un plan de formación, principalmente orientado a traballadores das administracións locais, concellos e Deputación. Xunto con este plan formativo tamén organiza outro tipo de actividades formativas, abertas a outros sectores e dirixidas a outro público que non ten por que ser traballadores públicos.

As campañas de comunicación irán destinadas a difundir a realización daquelas actividades formativas que se vaian organizando, co obxectivo de que cheguen ao maior número de persoas que poidan estar interesadas en realizalas.

9.- Área de Medio Ambiente

9.1.- Reservas da biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DQG	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DQG	Página	28/48



A Deputación de Lugo é a entidade xestora das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, co fin de asegurar a protección do valor patrimonial, natural e etnográfico destes espazos protexidos, pero tamén de apoiar proxectos de desenvolvemento sostible do territorio. Para iso, promove estes grandes valores medioambientais como oportunidade de desenvolvemento sostible, xeradora de riqueza e emprego, a través de accións de investigación, divulgación e sensibilización. Deste xeito, desenvolve ao longo do ano un amplo programa de actividades para dar a coñecer as Reservas da Biosfera entre a comunidade escolar, diversos colectivos e público en xeral. A través destas iniciativas, todas gratuítas, foméntase o coñecemento e a divulgación do territorio e ao mesmo tempo prácticas responsables co medio ambiente. Declarada Reserva da Biosfera no 2002, a Reserva Terras do Miño é a segunda máis grande da Península Ibérica e a máis grande de Galicia, ocupando o 39% da provincia de Lugo, con una superficie de 363.668,9 ha. Abarca 26 municipios: Oulol, Alfoz, O Valadouro, Mondoñedo, Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade, Meira, Pol, Riotorto, Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Rábade, Baralla, Láncara e O Páramo. En canto á Reserva de Ancares, está situada na parte oriental da provincia de Lugo. Declarada reserva da biosfera en 2006, cubre unha superficie de 53.664ha dos municipios de Cervantes, Navia de Suarna y Becerreá. Veñen de presentar unha solicitude para entrar na Reserva de Ancares os concellos de Pedrafita do Cebreiro e As Nogais.


As campañas de comunicación terán como finalidade a difusión das accións da Deputación como entidade xestora das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá para asegurar a protección do valor patrimonial, natural e etnográfico destes espazos e tamén para impulsar proxectos de desenvolvemento sostible do territorio. Dar a coñecer estas accións facilita a concienciación social sobre os valores ambientais das reservas, o que promove o coidado do entorno, e as oportunidades de desenvolvemento que presentan estes territorios, ademais de facilitar a participación da cidadanía nas propias actividades, contribuíndo deste xeito á finalidade para a que están concibidas.

9.2.- Xeoparque Mundial do Courel

As Montañas do Courel convertéronse en abril do 2018 no primeiro Xeoparque Mundial do Noroeste de España. A Deputación foi a principal administración galega que traballou, xunto aos concellos de Ribas de Sil, Quiroga e O Courel, para conseguir este distintivo da UNESCO. Este territorio da provincia de Lugo está así integrado nunha rede mundial de parque xeolóxicos e áreas naturais protexidas formada por soamente 141 territorios de todo o mundo.

Co fin de difundir a riqueza natural deste espazo, a Deputación asinou un convenio de colaboración coa Asociación para a Promoción Territorial Montañas do Courel para levar a cabo diversas actuacións de investigación, posta en valor e promoción desta zona. Entre elas inclúense accións para a datación dos glaciares, a edición dunha

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	29/48



publicación científica e a creación dun mapa cartográfico, un sistema de información xeográfica e imaxe 3D das formacións xeolóxicas desta montaña. Esta colaboración tamén abrangue o financiamento de diversas accións de promoción e divulgación, como xornadas, o desenvolvemento da Semana dos Xeoparques e a asistencia a eventos, congresos e foros nacionais e internacionais para dar a coñecer o proxecto Xeoparque Montañas do Courel. Tamén se editará material promocional deste enclave da provincia de Lugo.


O obxectivo das campañas será o de informar das distintas actuacións impulsadas pola Deputación de Lugo para a investigación, divulgación, posta en valor e promoción do Xeoparque do Courel co fin de favorecer a concienciación social sobre o seu valor ambiental, e así promover o seu coidado, e, ao mesmo tempo, consolidalo como un destino de turismo de natureza sostible, o que axudará a dinamizar a economía e o mercado laboral non só do territorio do Xeoparque, senón de toda a provincia.

9.3.- Programa *Life in Common Land*

A Deputación de Lugo promove diversas iniciativas para aproveitar a riqueza medioambiental da provincia como oportunidade de creación de riqueza e emprego, e contribuír deste xeito a fixar poboación. Un dos proxectos con este obxectivo é o plan *Life In Common Land*, que promove a conservación dos hábitats e o aproveitamento sostible da riqueza ambiental da Serra do Xistral. Este plan, que impulsa a Deputación con fondos europeos en colaboración coas universidades de Santiago e A Coruña, naceu para combater diferentes problemas que afectan aos hábitats nesta zona de especial protección: o abandono progresivo das actividades tradicionais, o que altera a composición e configuración da paisaxe; a ambigüidade e falta de definición nas directrices de xestión medioambiental; o cambio climático e a situación desfavorable das áreas de montaña que provocan unha baixada constante da poboación. Uns factores que alteran os ecosistemas da Serra do Xistral, seriamente ameazados e que poderían chegar a desaparecer. O programa Life contempla, como medida principal, que os propietarios e produtores de montes en man común sexan os encargados de aplicar na Serra do Xistral distintas medidas para o aproveitamento sostible deste territorio. Deste xeito, o que se busca é facer fronte ás limitacións de uso e aproveitamento do territorio que veñen determinadas pola normativa vixente nas zonas de especial protección, como a Serra do Xistral, que é Rede Natura 2000.

A finalidade das campañas de comunicación será o de informar á cidadanía das accións desenvolvidas no marco do programa *Life in Common Land* liderado pola Deputación de Lugo para impulsar o aproveitamento sostible do territorio da Serra do Xistral. A difusión desta iniciativa incrementa exponencialmente a súa proxección social e transferencia de resultados e, polo tanto, os beneficios das accións desenvolvidas no seu marco e mesmo as posibilidades de que outros territorios decidan emprender proxectos deste tipo.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	30/48



9.3.- Sinalización de rutas cicloturistas na Montaña

A Deputación sinalizou 10 rutas cicloturistas nas comarcas da Montaña de Ancares e A Fonsagrada. Cun investimento de 13.057 euros instaláronse un total de 28 carteis nos 6 concellos polos que discorren as rutas que son: Navia de Suarna, A Fonsagrada, Ribeira de Piquín, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro e Cervantes. Na actualidade, estas rutas discorren por estradas da rede viaria provincial da Deputación, e empréganas numerosos ciclistas. Con esta actuación de sinalización contribúese a difundir máis de 10 rutas medioambientais e ciclo turísticas desta zona da provincia favorecendo o turismo activo para que se acheguen máis deportistas. Estas prácticas deportivas ligadas ao entorno, a través dos recursos naturais dispoñibles, contribúen a impulsar unha economía sostible e a xeración de emprego. A través da instalación desta sinalización nas estradas de titularidade da Deputación tamén se dá a coñecer o patrimonio natural, cultural e etnográfico da provincia fomentando a súa conservación e sostibilidade ambiental.

As campañas pretenden informar á sociedade en xeral, e aos afeccionados ao ciclismo en particular, da existencia das 10 rutas cicloturistas sinalizadas pola Deputación nos Ancares e na Fonsagrada, das súas características e particularidades, co fin de que a rendibilidade social desta actuación da institución provincial sexa a máxima posible.


9.4- Difusión de actividades e programas medioambientais

Dende a área de medio ambiente organízanse todo tipo de actividades e programas relacionados coa natureza e co coidado medioambiental. Así, por exemplo, todos os anos, ofrécense diferentes cursos para toda a cidadanía en actividades relacionadas co medio ambiente e a natureza: cursos de apicultura, produción e cultivo de plantas, consumo responsable, visitas guiadas, fruticultura, compostaxe, etc. Estes cursos teñen moi boa acollida entre a cidadanía esgotando normalmente as prazas aos poucos días de abrirse os prazos. Pero non só se organizan cursos formativos, senón que tamén se organizan visitas e se lanzan todo tipo de actividades e programas medioambientais dirixidos á cidadanía

O obxectivo das campañas de comunicación será o de poñer en coñecemento da cidadanía das actividades que se están a realizar dentro desta área, informando da programación, da apertura de prazos e das condicións para participar, pero tamén fomentando e promovendo a riqueza medioambiental da nosa provincia e realizando campañas dirixidas a preservar e protexer os nosos recursos naturais.

10.- Área de Recursos Sostibles

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDÓ PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	31/48



10.1.- Granxa Gayoso Castro

A instalacións provinciais da Granxa Gayoso Castro son a día de hoxe un referente para o sector primario da provincia e mesmo de Galicia pola actividade de impulso que se desenvolve nelas en colaboración con colectivos profesionais e a Universidade, encamiñadas a mellorar a competitividade das explotacións gandeiras e favorecer a produción sostible. A Granxa Gayoso alberga grazas a colaboración da Deputación con ACRUGA un importante labor de apoio á recría de becerras de raza Rubia Galega. Conta ademais co centro de recría de gando vacún de leite, no que son máis de 1.100 xatas de 50 explotacións gandeiras as que se están a criar. Por outra banda, tamén nas instalacións da Granxa Gayoso Castro, a Deputación, en colaboración co Campus Terra, ten en marcha as obras para crear unha Granxa Experimental de Leite, que busca conseguir que as explotacións sexan máis competitivas e produtivas grazas á investigación e á innovación. Comezará a funcionar este ano, converténdose no primeiro centro de investigación sobre o sector lácteo na provincia. Así mesmo, a Deputación ten firmado coa Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (ASOPORCEL) un protocolo que este ano prevé converter en convenio para crear en Gayoso Castro unha granxa en impulso desta raza.


As campañas que se planifican sobre a Granxa Gayoso Castro da Deputación teñen como obxectivo dar a coñecer as múltiples actividades para potenciar e apoiar o sector primario da provincia que se desenvolven nestas instalacións, dende a recría de Rubia Galega e de vacún de leite, á Granxa Experimental de Leite –un laboratorio vivo–, ata o impulso da única raza porcina autóctona de Galicia, como o Porco Celta. A difusión de todas estas actuacións conseguirá a máxima rendibilidade social das mesmas, favorecendo que o maior número posible de explotacións, gandeiros e agricultores se beneficien delas, e tamén mellorará a transferencia de coñecementos ao tecido produtivo do sector primario da provincia.

10.2.- Finca de Tor

A Deputación conta cunha finca de máis de 2.000 hectáreas en Tor, en Monforte de Lemos, onde na actualidade está a funcionar un dos centros da Rede Museística Provincial. O obxectivo da institución provincial é aproveitar os terreos para converter esta parcela, en colaboración coa Universidade e co tecido produtivo, nun referente para o sector primario, con actividades vinculadas á produción ecolóxica e á formación universitaria.

A campaña está dirixida a informar do proxecto impulsado pola Deputación de Lugo para poñer en valor a finca de Tor, centrado no seu aproveitamento para servir de motor á produción ecolóxica, un sector no que a provincia lucense xa é punteira, e que conta cun importante potencial como motor económico e de creación de emprego. A proxección desta iniciativa na sociedade incrementará o valor engadido dos investimentos realizados, e mellorará a transferencia de coñecementos ao tecido produtivo.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIA AJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR TELLA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIA AJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	32/48



10.3.- Xornadas informativas sobre as liñas de apoio da Deputación á raza Rubia Galega

A Deputación ten previsto organizar nesta primavera un ciclo de xornadas informativas nos concellos da provincia onde se produce unha maior concentración de cabezas de gando de raza Rubia Galega para explicar aos gandeiros as liñas de apoio que está a desenvolver a institución provincial en colaboración con ACRUGA para axudarlles na recría e na potenciación da raza.

A campaña está orientada a informar á cidadanía en xeral, e aos produtores de Rubia Galega en particular, da organización das xornadas informativas da Deputación sobre as liñas de colaboración para potenciar esta raza, dos obxectivos das mesmas, e das datas e lugares de celebración, para que asista o maior número de persoas posible e contribuír así a acadar a verdadeira finalidade das xornadas, que é facer chegar aos produtores as axudas coas que contan para a súa actividade gandeira.

10.4- Difusión de actividades e programas destinados a fomentar os recursos sostibles.

Dende a área de recursos sostibles tamén se impulsan outra serie de actividades e programas que pretenden fomentar o uso de recursos sostibles na nosa provincia.

As campañas de comunicación estarán destinadas a poñer en coñecemento da cidadanía de todas as actividades e programas realizados dende esta área de goberno.


11. Área de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística

11.1 Programacións Culturais

Ao longo do ano, a área de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística desenvolverá diferentes programacións culturais, definidas arredor de distintos espazos, manifestacións artísticas ou datas sinaladas para a cultura e a identidade galega e para a defensa de valores como a igualdade, a democracia e a igualdade de xénero.

Así, prevese a organización de ciclos culturais como o **Mes de Rosalía**, arredor do aniversario do nacemento da autora, programacións teatrais como **Buxiganga** e **Proscenio**, musicais como **Musiqueando** ou de confluencia entre varias disciplinas artísticas como **Cultura Aberta** ou **Outonos Culturais**.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED O PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	33/48



As programacións artellaranse en colaboración con asociacións e colectivos culturais e cos concellos, co obxectivo de promocionar a cultura en todo o territorio e crear espazos para canalizar as creacións de artistas e colectivos culturais, atendendo especialmente a cultura en galego

As campañas publicitarias vinculadas a estas programacións culturais céntranse en dar a coñecer as actividades que se organizan e promover a participación do público nelas.

11.2 Liñas de axuda ao tecido cultural

A área de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística dedica a maioría do seu orzamento a financiar distintas liñas de axuda dirixidas a asociacións e entidades culturais.

Trátase de achegas (concorrenza competitiva e non competitiva ou nominativas) dirixidas a afortalar o tecido asociativo e cultural, facilitando o desenvolvemento de actividades e proxectos por parte destes colectivos espallados polo territorio.

A campaña de comunicación vinculada a estas liñas de axuda céntranse na difusión dos eventos e actividades que as distintas entidades organizan con esas achegas e, en xeral, de recoñecer e promocionar o tecido asociativo de base. No caso das achegas de concorrenza competitiva tamén se informará da apertura e resolución das convocatorias.

11.3 Normalización Lingüística


A área de Cultura asume un especial compromiso coa promoción e fomento do galego que, malia contar cunha protección legal, ven sufrindo un retroceso no uso, especialmente nos ámbitos urbanos e nas xeracións máis novas. Nesa liña, incrementáronse as axudas a entidades que traballan no ámbito da normalización lingüística e da creación en galego, e apoianse iniciativas que contribúan ao fomento do uso do galego.

As campañas de publicidade desenvolvidas en relación con este cometido da área céntranse na promoción do galego e na difusión das actividades que distintas entidades realicen coa colaboración da área de Cultura.

11.4 Rede Museística Provincial

A Rede Museística Provincial, formada polo Museo Provincial de Lugo, o Museo Provincial do Mar de San Cibrao, o Museo Fortaleza de San Paio de Narla e o Pazo de

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIA AJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIA AJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	34/48



Tor, acolle ao longo do ano diferentes exposicións e programacións artísticas, ademais de desenvolver unha importante labor didáctica con obradoiros e actividades formativas dirixidas á comunidade educativa, tecido asociativo e público en xeral.

Alén das exposicións e obradoiros, os edificios da Rede – tres deles coa protección de BIC– e mais os fondos que conservan forman parte do patrimonio histórico e artístico da provincia.

As accións de comunicación vinculadas á Rede Museística terán por obxecto dar a coñecer as exposicións e actividades que se organizan nos museos, e tamén o patrimonio que alberga fomentando actitudes proclives á súa conservación, protección e valorización.

11.5 Campaña de apoio ao sector cultural

As medidas de distanciamento social e a limitación dos aforos, que previsiblemente se alonxarán trala crise sanitaria provocada pola Covid 19, limitarán a recuperación da actividade do sector cultural, nomeadamente dos espectáculos en vivo e das producións audiovisuais.

Co obxectivo de apoiar o sector, a área de Cultura desenvolve unha campaña que incide no papel da cultura como ferramenta para a mellora social, que contribúe á construción dunha sociedade viva, dinámica, consciente, orgullosa da súa identidade e sabedora do seu potencial.

12. Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica

12.1 Deporte feminino


A área de Deportes desenvolvera ao longo do ano diferentes iniciativas dirixidas a fomentar o deporte feminino. Os esforzos diríxense sobre todo a visibilizar a traxectoria de deportistas e de clubs femininos en medios de comunicación e a desenvolver actividades dirixidas á comunidade educativa.

A campaña de comunicación que se realice en relación con esta liña de acción política está orientada a reforzar a presenza de mulleres nos medios de comunicación, co obxectivo último de crear referentes e promover a práctica deportiva en condicións de igualdade.

12.2 Copas Deputación

A área de Deportes colabora coa organización de competicións como a Copa

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	35/48



Deputación de atletismo, piragüismo, fútbol, baloncesto e fútbol sala, co que se completa o calendario competitivo de deportistas e clubs locais.

As accións publicitarias vinculadas a estas competicións dirixiranse a fomentar a participación de deportistas e clubs nestas competicións, e de ampliar o recoñecemento destas competicións por parte do público.

12.3 Movémonos

A área de Deportes desenvolve o programa Movémonos co que, a través de asociacións da provincia, facilita o acceso á actividade física a persoas maiores e colectivos con capacidades diferentes.

A campaña de publicidade vinculada ao programa destaca o papel da actividade física como hábito saudable e punto de encontro das comunidades, especialmente no rural.

12.4 Liñas de axuda a clubs e deportistas

A área de Deportes dedica a maior parte do seu orzamento a apoiar a actividade de clubs e deportistas individuais con distintas liñas de axuda (concorrenza competitiva, non competitiva, nominativas e extraordinarias).

Trátase de achegas que sufragan gastos derivados da actividade competitiva ordinaria e de organización de eventos deportivos e dirixidas a afortalar o tecido deportivo de base e amator. O obxectivo último é soste as asociacións e clubs que facilite o acceso á practica deportiva en todo o territorio.


As campañas de comunicación vinculadas a esta liñas de axudas céntranse na difusión dos eventos e actividades que as distintas entidades organizan con esas achegas e, en xeral, no recoñecemento e promoción do tecido asociativo e de deportistas da provincia. No caso das subvencións de concorrenza, tamén se informará da convocatoria e resolución das axudas.

A maiores, a área de Deportes promove a publicación dos suplementos Líder, Basket, Axenda Polideportiva, En Xogo e Canteira nos xornais La Voz de Galicia e El Progreso.

12.5 Centro de Artesanía e Deseño

Un dos obxectivos da lexislatura é a proxección do Centro de Artesanía e Deseño, coa posta en valor da labor expositiva, divulgativa e formativa que ven desenvolvendo e, sobre todo, co desenvolvemento de accións que fortalezan a relación entre o centro e os artesáns e artesás. Así, incidirase na visibilización do sector e na promoción e comercialización dos seus produtos.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIA AJTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIA AJTTPCC5QBCU3DGQ	Página	36/48



As campañas de comunicación vinculadas ao Centrad terán como obxectivo a difusión das actividades que se desenvolven desde o centro e, sobre todo, a promoción do traballo das artesás e artesáns da provincia.

12.5 Memoria histórica

A área traballa na definición de proxectos que contribúan a ofrecer verdade, reparación e xustiza ás vítimas da represión e ditadura franquistas. A Deputación de Lugo asume por primeira vez unha responsabilidade neste ámbito polo que ditos proxectos están aínda nunha fase incipiente.

A falta dunha concreción maior, sinálase que é vontade da área difundir as accións que desenvolva neste ámbito, así como sinalar datas sinaladas como o Día da Galiza Mártir nos medios de comunicación.

13. Área de Medio Rural, Mar e Mocidade

13.1 Medio Rural e Mar

A área desenvolve ao longo do ano proxectos orientados ao desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia e eixos arredor dos que articular políticas de fixación de poboación no rural e de planificación do territorio.


Así, convócanse liñas de axuda para o desbroce de faixas de protección e a plantación de especies autóctonas ou froiteiras, realízanse programas de formación, desenvólvense bancos de vivendas nas zonas máis despoboadas da provincia e organízanse visitas a granxas e empresas de primeira transformación.

As campañas de comunicación oriéntanse á dignificación do rural e ao fomento de actividades produtivas sostibles, e tamén a dar a coñecer os recursos e actividades que a área pon a disposición de concellos, asociacións e particulares.

13.2 Mocidade


As accións da área neste ámbito dirixiranse a apoiar entidades e asociacións que realicen actividades e programas destinados a atender as necesidades de formación e ocio das xeracións máis novas.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	37/48



De acordo con estas liñas de acción, as accións comunicativas que se desenvolven orientáanse a dar a coñecer os recursos destinados á formación e ocio da mocidade, e a estimular a súa participación nos programas que se organizan.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	38/48




VI. INSTRUMENTOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS

Para acadar os obxectivos inherentes á publicidade a realizar pola entidade provincial descritos no presente Plan de Medios a través dos diferentes medios de comunicación, contéplase a realización e formalización de diferentes contratos de publicidade. Así, baseados neste Plan de Medios, a Deputación de Lugo impulsará a contratación das diferentes campañas de publicidade institucional, tendo en consideración os obxectivos e o *target* concreto de cada unha delas para tratar de realizar aquelas actuacións que permitan alcanzalas da forma máis eficaz e eficiente. Así contéplase realizar, en base a este Plan de Medios, os seguintes tipos de contrato de publicidade: escollendo en cada momento o procedemento máis axeitado para a súa execución:

a) Procedemento de **contratación aberto** directamente cos principais medios de comunicación (dividido en varios lotes para facilitar a concorrência) e potenciando os criterios obxectivos fronte aos subxectivos. En base ao exposto no presente Plan de Medios, nas campañas definidas e nos indicadores e criterios de estimación para a realización das campañas que se indican no mesmo, plantéxase a posibilidade de realizar un procedemento de contratación a varios anos, nos que se subministre espazos e presenza nos diferentes medios. Neste caso o contrato tería como adxudicatario o propio medio, que sería aquel que, cumprindo cos requisitos de participación e satisfacción das necesidades de comunicación precisas, ofrezca a mellor oferta, de tal xeito que para a execución das campañas anteriormente descritas se podería ir utilizando parte parte dos espazos subministrados dentro deste contrato.

b) Procedemento **contratación negociado** con cada un dos diferentes medios descritos no presente documento. Neste senso, a Lei 9/2017 de contratos do sector público no seu capítulo I sección 2ª Subsección 4ª Procedementos de negociación arg. 168.2º fala dos supostos de aplicación de procedementos negociado sen Publicidade e expón: *“la no existencia de competencia por razones técnicas y la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial solo se aplicarán cuando no exista una alternativa o sustituto razonable y cuando la ausencia de competencia no sea consecuencia de una configuración restrictiva de los requisitos y criterios para adjudicar el contrato”*, tal como é o caso da posta en marcha de este Plan de comunicación. Sería o Gabinete de Comunicación o servizo que principalmente iniciase este tipo de expedientes, determinando o alcance e o ámbito de actuación, pero tamén poderían ser iniciados por outros departamentos da Deputación, nestes casos o Gabinete de Comunicación deberá estar informado para asegurar que os novos contratos proceden, encaixan co presente Plan de Medios e que non existe ningún outro contrato

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED0 PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	39/48



onde encaixe a publicidade contratada. En calquera caso, unha vez formalizado o contrato, será cada servizo o que impulse en base as súas necesidades concretas e específicas, a cargo do mesmo e coa supervisión do Gabinete de Comunicación, a realización dunha campaña de publicidade.

c) A contratación dos servizos dunha **axencia de medios** para a difusión e a realización das campañas de publicidade da Deputación Provincial de Lugo. Neste caso, en lugar de contratar directamente cun medio de comunicación concreto, contrataríanse os servizos dunha axencia de medios cando o que se precise non só sexa a inserción de publicidade nun medio concreto, senón que se precise colaboración na definición e na planificación e a execución das campañas de publicidade. Así, a axencia de medios encargaríase da xestión e difusión das insercións publicitarias que realice a Deputación de Lugo, é dicir, a contratación de espazos e tempos nos que se inserirá a publicidade institucional provincial nos diferentes medios (radios, prensa escrita, Internet, etc), pero tamén colaboraría na organización e na planificación do desenvolvemento das mesmas.


As axencias ou centrais de medios sitúanse como expertos na planificación, negociación e compra de espazos en medios *online* e *offline*. Desta maneira, ao adquirir grandes volumes contan un maior poder de negociación, o que lles permite, en ocasións, obter descontos sobre as tarifas oficiais.

No ano 2019 realizouse unha experiencia piloto neste sentido, contratando os servizos dunha axencia de medios para a realización de diferentes campañas de publicidade. A experiencia foi un éxito que permitiu non só de dotar de maior transparencia a contratación de publicidade, sentando as bases dun sistema de reparto de publicidade non discriminatorio e que tivo en conta exclusivamente criterios obxectivos, senón que ademais axilizou de forma notable a tramitación e execución das campañas e permitiu gañar en eficiencia e eficacia, así como permite unha maior flexibilidade no caso de aparecer novos medios de comunicación ou novas canles de información especializadas.

d) A contratación dos servizos dunha **axencia de publicidade** que non só se encargue de xestionar a publicación dos contidos senón que teña capacidade para a creación dos mesmos e para a definición publicitaria de cada campaña.

A axencia de publicidade aporta como valor engadido a posibilidade de creación de contidos con respecto ao que ofrece unha axencia de medios. Así, ditas axencias non só se encargan de planificar e executar as campañas senón que ademais teñen a capacidade de crear contidos e definir ás imaxes asociadas aso mesmos.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	40/48




Tal e como se explica no presente documento, a pesar de que a Deputación conta cun servizo de deseño gráfico e un gabinete de comunicación propio, co persoal que ten non é capaz de asumir a creación de todos os contidos, material gráfico, deseño, imaxes corporativas, lemas, etc das campañas que anualmente se realizan na Deputación e que se relacionan neste Plan de Medios. Así, cando se tratan de campañas en materias moi especializadas, cando van dirixidas a un sector moi concreto, cando sexan programacións de actividades programadas que requiran campañas sincronizadas, ou que van a utilizar medios especializados, redes sociais e soportes dixitais é preciso contratar non só a publicación senón a realización e planificación de toda a campaña. Do mesmo xeito, cando tratamos con medios online ou radiofónicos, onde os contidos son de carácter audiovisual moitas veces a Deputación non ten a capacidade para elaborar estes contidos. A isto súmase a complexidade da propia imaxe corporativa da Deputación, posto que determinadas campañas xa teñen unha marca definida e recoñecida que hai que respectar, coa posibilidade de combinar ditas imaxes ou refundilas, sempre e cando se respecte a identidade corporativa.

e) A participación da Deputación de Lugo nun **acordo marco de publicidade** para a contratación de espazos e tempos nos diferentes medios de comunicación nos que se inserirá a publicidade institucional provincial en diferentes formatos. Neste caso procurarase a adhesión a acordos marco que se vaian a licitar a través de servizos de contratación centralizada (como o ofrecido polo MINHAP), ou no caso de que non estea aberto o prazo de adhesión (como ocorre actualmente) e considerarse preciso establecer este tipo de actuacións procurarase a subscripción dun propio acordo marco entre os medios e a Deputación de Lugo. A diferenza do instrumento anterior, a contratación realizarase neste caso, directamente cos medios de comunicación que decidan adherirse ao citado acordo marco.

f) A contratación de **campañas de publicidade institucional específicas** con medios de comunicación concretos. O obxecto destas contratacións será informar á cidadanía da posta en marcha de novos servizos, programas, proxectos ou similares impulsados pola entidade provincial ou reforzar o impacto e a difusión dos que xa estean en funcionamento por motivos estratéxicos. A diferenza dos instrumentos anteriores, este instrumento está pensado para aquelas campañas singulares, imprevistas ou que teñan unha urxencia que non permitan unha anticipación e planificación que encaixe cos instrumentos anteriores. Nestes casos, cada campaña de publicidade tramitarase a través dun contrato específico que se axuste ás necesidades particulares da mesma, acreditando no propio contrato a especialidade da campaña, o alcance da mesma, a súa singularidade e os motivos polos que a campaña non se pode incluír noutro

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDÓ PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	41/48




contrato de publicidade existente así como a proposta de procedemento a seguir que mellor se axuste ás necesidades da campaña.

A posta en marcha das actuacións sinaladas nos parágrafos anteriores non se prevé con carácter exclusivo nin excluínste, xa que dependerá das necesidades que en cada momento teña a Deputación de Lugo e os medios dispoñibles na entidade provincial para a súa execución.

Desta forma, para algunhas campañas, bastaría simplemente con contratar o espazo de publicidade directamente co medio ou a través dun acordo marco, noutras campañas nas que se precise unha planificación, xestión e coordinación da campaña poderíase contratar o servizo a través dunha axencia de medios e naqueles casos nos que sexa preciso deseñar e xerar a información e contidos da campaña poderíase tramitar con este tipo de axencias de publicidade.

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	42/48



VII. CRITERIOS E ESTIMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS

A relación dunha institución cos medios, no que atinxe á inserción publicitaria, debe ir máis alá da maximización cuantitativa dos impactos que é a principal guía –e nin sequera a única– de calquera empresa. Debe promover a busca dunha información de calidade, contribuír a facer real o pluralismo e a diversidade, e facer posible un sistema mediático cohesionado e competitivo, con proxectos sostibles, e no que á lingua se lle garanta un status de normalidade.

Tamén cómpre distinguir entre a información de servizo da cidadanía e outro tipo de comunicación, é na distribución publicitaria destas informacións que necesitan chegar ao máximo número de cidadáns, sen discriminación de públicos na que deben primar os criterios de eficacia na difusión e audiencia no ámbito que se precise. Mais tamén hai outros criterios a ter en conta á hora de cumprir os fins antes sinalados.


Desta forma, de cara á planificación e organización das diferentes campañas de comunicación e publicidade institucional, así como do importe destinado a cada medio de comunicación para desenvolver as mesmas, teranse en conta non só criterios baseados en alcance e impacto e audiencias, senón os criterios anteriormente sinalados procurando en todo caso unha baremación obxectiva en base aos mesmos e seguindo as últimas recomendacións do Colexio de Xornalistas de Galicia.

A continuación expoñemos, de forma xeral, algúns dos criterios que se terán en conta para a selección dos medios onde realizar cada unha das campañas e actividades de difusión e publicidade que abrangue este Plan de Medios, e que van máis aló do impacto e nivel de implantación de cada un deles:

1.- Tipoloxía e especialización dos contidos a difundir e publicitar. Cada medio de comunicación, ben sexa escrito, audiovisual ou online, ten unhas características específicas e únicas, non só técnicas, de formato ou en canto a contidos, senón, sobre todo, no referido ao público obxectivo ao que chega, características que fan que non poida ser substituído por outro á hora de planificar accións publicitarias porque non se cumprirían os obxectivos das mesmas, o que, en definitiva, suporía un malgasto dos recursos públicos. Así existen medios máis xeneralistas e outros máis especializados nun sector ou área temática, tamén hai contidos que poden ser mellor transmitidos por medios dixitais, radiofónicos e audiovisuais que outros, do mesmo xeito que os medios de prensa escrita non soportan certos contidos como vídeos, audios, animacións, etc.

2.- O ámbito territorial e alcance da campaña. O ámbito territorial de cada un dos programas tense en conta á hora de facer insercións publicitarias. Se ben o ámbito de

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	43/48



actuación da Deputación é a provincia de Lugo, tamén é a súa labor a promoción da mesma no resto de territorios, por iso pode ser preciso deseñar campañas que teñan diferentes alcances, algunhas bastará con que se difundan pola provincia e outras será preciso que se promovan no ámbito autonómico e incluso estatal. É máis, certas campañas concretas poden promocionarse con maior intensidade en comarcas concretas cando van destinadas a estas zonas. Así, dependendo da campaña e dos obxectivos que se pretendan acadar, será preciso utilizar medios comarcais, provinciais, galegos ou estatais e incluso combinalos. Para iso valoraranse aspectos coma a implantación do medio en determinada zona, as tiradas e número de subscritores que teña en cada zona, as delegacións territoriais que teña, as edicións específicas, etc. Por exemplo, o diario El Progreso, La Voz de Galicia ou Radio Lugo-Cadena Ser son medios implantados en Lugo, que chegan á cidadanía da provincia, pero por exemplo esta implantación non é a mesma se falamos a nivel autonómico, onde O Progreso non ten esta implantación, nin a nivel estatal onde deberíamos acudir a outros medios máis xeneralistas.


3.- Tarifas. As tarifas publicitarias de cada un dos medios son diferentes. Unha mesma actuación en todos os medios necesita inversións económicas distintas. Por exemplo: unha páxina color un domingo en La Voz de Galicia ten un custe superior que a mesma páxina en El Progreso. Incluso, vinculando co punto anterior, a tarifa é diferente se a publicidade vai en edicións locais ou na edición xerais. Cada campaña deberá ter en conta estas tarifas, buscando cumprir os obxectivos da campaña da forma máis eficiente e económica posible.

4.- O target de cada un dos medios é diferente, de aí que, por exemplo, se queremos chegar a un público mozo se usen soportes ou produtos dirixidos ou máis utilizados por este público obxectivo.

5.- Tamén será determinante na selección do medio, as necesidades de produción e deseño das campañas. Como se indicou a Deputación de Lugo conta cun servizo que é capaz de preparar certos contidos e incluso de elaborar deseños gráficos para as campañas, sen embargo este equipo está limitado a nivel de recursos e tamén a nivel de capacidade, non estando preparado para realizar producións e deseños especializados ou complexos, que precisen unha especialización e coñecementos nun ámbito temático concreto ou que sexan producións audiovisuais, videos, audios, imaxes que non se poidan elaborar dende o servizo. Ademais desta labor de produción, tamén pode ser posible precisar asesoramento e asistencia sobre como difundir determinados mensaxes de campañas de publicidade, en base aos obxectivos que se determinen. Así, para certas campañas, deberanse contemplar a capacidade dos medios de elaboración, preparación e planificación dos contidos, primando o nivel de elaboración propia e pluralismos dos contidos que realiza nos últimos anos.

6.- Por último, pero non menos importante, de cara a seleccionar os medios nos que

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEEA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDÓ PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	44/48



publicitar as campañas teranse en conta criterios de responsabilidade social (fomento de contratación feminina, fomento de contratación indefinida, etc) e tamén aqueles que promocionen o uso da lingua galega nos seus contidos e campañas.

Desta forma, á hora de planificar o desenvolvemento das campañas de publicidade descritas no presente Plan de Medios teranse en conta criterios obxectivos para a selección dos medios máis axeitados para cada campaña baseándonos nos principios anteriormente expostos. Así consideraranse datos de audiencia e de implantación por ámbito territorial de cada medio (extraídos principalmente de indicadores oficiais como o Estudio Xeral de Medios), informes oficiais de terceiros e incluso documentación que aporte cada medio (en canto a responsabilidade social, indicadores, elaboración de contidos), medirase o grao de penetración na cidadanía por comarcas e a especialización nas temáticas das diferentes campañas, o perfil do público que consume ese medio, etc...


Entre os obxectivos que se pretenden coa aprobación do presente Plan de Medios é o de cumprir coa necesidade de facer chegar á cidadanía cada un dos programas que se realizan da forma máis eficiente e eficaz posible, utilizando os medios de comunicación máis axeitados para cada campaña. Deixar de planificar comunicativamente deixaría de facer chegar estas actividades á cidadanía que está interesada nas mesmas. Así, no artigo 28.4 da LCSP, establécese que *as entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública que se desenvolverán nun exercicio orzamentario ou en períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa.*

INVERSIÓN POR TIPO DE MEDIO DE COMUNICACIÓN

En base a todo o anterior, e considerando tamén a inversión realizada en anos anteriores, estimamos o seguinte reparto do orzamento entre os diferentes tipos de medios.

- **Prensa local.** Aproximadamente un 37.60% do orzamento adicarase a publicidade das campañas anteriormente indicadas en medios de prensa escrita que teña unha maior difusión e presenza na provincia de Lugo. O ámbito territorial da Deputación límitase á provincia de Lugo, polo que a maior parte das actividades, tarefas e traballos que realiza a Deputación están orientadas á cidadanía e ao tecido empresarial da provincia, sendo relevantes esencialmente dentro deste territorio polo que é importante reforzar a comunicación e publicidade naqueles medios que están máis especializados e teñen unha maior presenza na provincia.
- **Prensa autonómica.** Aproximadamente un 32.66% do orzamento adicarase a

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDO PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	45/48



medios de prensa escrita que non só teñen unha presenza importante na provincia de Lugo, senón tamén no resto de provincias da Comunidade Autónoma. Unha das funcións clave da Deputación é a promoción da provincia de Lugo, por iso é importante non só comunicar dentro da provincia senón tamén difundir e publicitar certas campañas fóra da nosa provincia, principalmente nas provincias máis próximas que conforman a nosa comunidade.

- **Rádios.** Aproximadamente un 13.56% do orzamento adicárase para a difusión das campañas a través das principais radios con presenza na provincia de Lugo. De igual maneira que se destina unha maior parte do orzamento na prensa escrita de ámbito provincial, as campañas tamén terán unha maior presenza naquelas radios que teñan unha maior cobertura na provincia de Lugo, un maior número de oíntes e unha maior difusión en todo o territorio, reforzando algunhas campañas con outras radios que se ben poden non ter unha presenza tan global a nivel de provincia sí contan con programas especializados ou teñen unha presenza importante nalgunha das comarcas que se queiran potenciar en determinadas campañas.
- **Medios Dixitais/Online, Diarios comarcais, Medios especializados, Axencias de noticias, etc.** Estímase adicar un 15,34% do orzamento en contratar a difusión e cobertura de campañas a través de medios online (conscientes da importancia que estes están a ter nos últimos anos sobre todo entre a xente máis nova), axencias de noticias de prestixio nacional, prensa de ámbito comarcal para reforzar campañas destinadas a unha zona territorial concreta, prensa ou publicación especializadas en determinadas materias, creatividade e planificación en redes, etc.
- **Televisión.** Por último estímase adicar aproximadamente un 0,86% do orzamento na difusión a través de televisións que teñan presenza na provincia.

ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL

O orzamento aproximado para a posta en marcha das campañas descritas neste Plan de Medios ascende a un promedio de 1.582.500,00€ anual, suxeito sempre á existencia de crédito orzamentario.


Vistas as campañas previstas no presente plan de medios, faise unha estimación aproximada a nivel de inversión por cada área como sigue:

ÁREA DE GASTO 1
MEDIOAMBIENTE

12,64%

46

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VERA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTTPCC5QBCU3DGQ	Página	46/48






CENTRAD	3,82%
ÁREA DE GASTO 2	
BENESTAR SOCIAL	6,00%
IGUALDADE	1,58%
ÁREA DE GASTO 3	
ENSINO	2,65%
SERVIZOS AUDIOVISUAIS	10,11%
CULTURA	6,89%
DEPORTES	6,32%
REDE MUSEÍSTICA	0,35%
MOCIDADE	0,95%
MEDIO RURAL	0,63%
ÁREA DE GASTO 4	
TURISMO	14,85%
ÁREA DE GASTO 9	
ADMINISTRACIÓN XERAL	33,21%
RECADACIÓN	0,05 %

En particular, para a prestación dos servizos de publicidade nas primeiras anualidades dende a aprobación do presente Plan de Medios, este orzamento podería reservarse das seguintes partidas:

	ANO 2020(*)	ANO 2021 e seguintes
ÁREA DE GASTO 1		
MEDIOAMBIENTE	140.000,00 €	200.000,00 €
CENTRAD	42.000,00 €	60.500,00 €
ÁREA DE GASTO 2		
BENESTAR SOCIAL	65.031,65 €	95.000,00 €
IGUALDADE	16.252,80 €	25.000,00 €
ÁREA DE GASTO 3		
ENSINO	30.000,00 €	42.000,00 €
SERVIZOS AUDIOVISUAIS	100.000,00 €	160.000,00 €
CULTURA	87.430,00 €	109.000,00 €
DEPORTES	82.000,00 €	100.000,00 €
REDE MUSEÍSTICA	5.500,00 €	5.500,00 €
MOCIDADE	15.000,00 €	15.000,00 €
MEDIO RURAL	5.000,00 €	10.000,00 €
ÁREA DE GASTO 4		
TURISMO	195.700,00 €	235.000,00 €
ÁREA DE GASTO 9		
ADMINISTRACIÓN XERAL	443.638,31 €	525.500,00 €
RECADACIÓN	500 €	600 €
	1.144.414,45 €	1.582.500,00 €

(*)A situación particular deste ano 2020, debida a crise sanitaria e a declaración do estado de alarma, centrou toda a atención mediática de boa parte desta anualidade, polo que as campañas que se tiñan previstas realizar nestes meses foron aprazadas

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA Verea (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLEDOR TELLA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJTTTPCC5QBCU3DGQ	Página	47/48



ata finais de ano, tanto polo feito de que moitas actividades que se estaban a promover foron suspendidas como polo impacto mediático e o alcance das mesmas, que de realizarse durante o estado de alarma sería moito menor. Desta forma a proporción da inversión por cada área de gasto pode variar con respecto ao previsto para os anos seguintes.

Do mesmo xeito que as campañas poderán ser obxecto de modificación posterior, a través da tramitación dunha corrección ou addenda, a estimación e reparto orzamentario dependerá das campañas activas no plan de medios, polo que tamén se poderá ver afectada por esas modificacións. Ase mesmo, non deixa de ser unha estimación que en todo caso estará sempre suxeito a existencia de crédito que deberá ser consignado en base as necesidades concretas que se materialicen nos diferentes contratos que se realicen ao amparo do presente Plan de Medios.

Asinado dixitalmente,

María del Pilar Alicia Carballada Portela

Vanesa Gómez Lourido

Xornalista,
Asesora técnica da área de presidencia

Xornalista,
Asesora técnica da área de vicepresidencia

Conforme,
Nicolás Fariña Vereá

Adxunto Xefe de Sevizo de Comunicación e TICs

Código Seguro de Verificación	IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Fecha	03/07/2020 11:04:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	NICOLAS FARIÑA VEREA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmante	MARÍA DEL PILAR ALICIA CARBALLED O PORTELA (ASESOR)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SPRIAAJJTPCC5QBCU3DGQ	Página	48/48

